



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Teatro en Lingua Galega e Portuguesa		Código	613G02047
Titulación	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Profesorado	Vizcaino Fernandez, Carlos Caetano	Correo electrónico	carlos.vizcaino@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo particularizado de obras, autores e momentos relevantes e significativos da dramaturxia en lingua galega e portuguesa.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A17	Ter un coñecemento avanzado da literatura galega.
A18	Ter un coñecemento avanzado da literatura portuguesa.
A19	Coñecer a historia e a cultura das comunidades galegofalantes.
A20	Coñecer a historia e a cultura das comunidades lusófonas.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias do título	
Posuír un coñecemento avanzado dalgún dos monumentos dramáticos das literaturas en linguas galega e portuguesa.		A11	B1
		A17	B8
		A18	
		A19	
		A20	
O alumnado debe coñecer as diversas metodoloxías de análise literaria e espectacular e ser capaz de avaliar criticamente o estilo dun texto dramático ou dun espectáculo teatral.		A2	B1
		A11	
		A14	
O alumnado deberá ser capaz de presentar oralmente os resultados das súas análises dunha maneira rigorosa e efectiva, demostrando a súa capacidade de síntese e de xerarquización da información.			B6
			B7
O alumnado deberá saber pór en relación a información presentada pol@s compañeir@s coas lecturas realizadas e realizar comentarios retroalimentadores que demostren a súa capacidade para identificar os valores dun texto dramático e trazar pontes cos outros textos das diferentes dramaturxias en lingua galega e portuguesa.		A11	B5
		A17	B7
		A18	
		A20	



O alumnado deberá ser quen de traballar en grupo na procura de exemplos de dramaturxias e encenacións posdramáticas, ben como de expor os seus resultados de maneira crítica e rigorosa nun obradoiro presencial.	A11 A14	B1 B6 B7
---	------------	----------------

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Teatro: literatura e espectáculo	1.1 Textualidade versus teatralidade 1.2. Dramaturxia e dramaturxista 1.3. Reflexións sobre a representación no século XX. As experiencias da Sociedade Teatro Livre de Lisboa e do Conservatorio Nacional de Arte Galega. 1.4. Entre dous polos: do logocentrismo á marxinalización do texto 1.5. O metateatro en lingua galego-portuguesa 1.6. Teatro sen fixación escrita: 1.6.1. Barriga Verde e a comunicación das subalternas 1.6.2. O teatro mozambicano contemporáneo
2. Teatro Modernista no Brasil e en Portugal e Teatro de Arte na Galiza	2.1. O proxecto de Teatro da Arte de Castelao e as achegas de Otero Pedrayo. 2.2. A renovación estética do teatro de Oswald de Andrade 2.3. O teatro modernista portugués non atinxe os palcos.
3. A actividade teatral fronte ás ditaduras e ao xugo colonial	3.1. A refundación do teatro galego desde 1965 3.2. O teatro portugués e o 25 de abril 3.3. O teatro brasileiro e a resistencia á ditadura 3.5. O teatro de Pepetela e a Angola da post-independencia.
4. Dramaturgas	4.1. Historiografías dramáticas masculinizadas e autoras invisibilizadas 4.2. Teatro feminista na Galiza e nos países lusófonos. A Escola de Mulheres de Lisboa 4.3. Dramaturgas dos séculos XX e XXI
5. Posdrama en lingua galega e portuguesa	5.1. Na Galiza: a escrita teatral de Xesús Pisón e as propostas escénicas de Ana Vallés. 5.2. Prácticas posdramáticas en Portugal: Carlos J. Pessoa e o Teatro da Garagem

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20	4	38	42
Proba oral	A17 A20 B5 B7	6	14	20
Obradoiro	A2 A14 A17 A18 A19 A20 B1 B6 B7	14	18	32
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A11 B8	0	4	4
Sesión maxistral	A10 A11 A17 A18 B7 B8	10	2	12
Atención personalizada		2.5	0	2.5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	No Paso 8 desta Guía, está a relación de obras teatrais que o/a alumno/a debe ler ao longo do cuadrimestre. Alén destas, o docente fornecerá artigos e estudos especializados sobre os contidos tratados na materia.



Proba oral	Exposicións orais individuais, na aula, en que cada alumno/a exporá a análise e comentario dun texto dramático. A totalidade do grupo participará no diálogo posterior, demostrando a asimilación das lecturas por medio de comentarios retroalimentadores.
Obradoiro	Sesións de traballo na sala de aulas en que, coa guía do docente, os estudantes realizarán comentarios de encenacións e dramaturxias de textos representativos das últimas décadas dos teatros galego, portugués e brasileiro. Para alén do traballo na sala de aulas, o alumnado deberá realizar unha serie de visionados e lecturas complementares.
Eventos científicos e/ou divulgativos	O alumnado asistirá a un evento específico marcado polo docente nas primeiras sesións, ora unha representación teatral, ora unha palestra sobre teatro en lingua galega ou portuguesa.
Sesión maxistral	Sesións de traballo en que o profesorado explica a contextualización e os elementos necesarios do temario para que o alumnado poda desenvolver os traballos prácticos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba oral	Os/as alumnos/as poderán contar con axuda personalizada para a preparación da súa presentación oral, a resolución de dúbidas levantadas polas lecturas e a realización do seminario.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Lecturas	A2 A17 A18 A19 A20	O control das lecturas será realizado por medio de discusións dirixidas na aula posteriores ás presentacións orais individuais, ben como a través da presentación de informes de lecturas de artigos especializados achegados polo docente.	30
Proba oral	A17 A20 B5 B7	Esta proba, realizada na aula, servirá para o alumnado expor individualmente a súa análise e comentario dunha das lecturas obrigatorias. A seguir de cada presentación realizarase un diálogo cos/coas compañeiros/as.	30
Obradoiro	A2 A14 A17 A18 A19 A20 B1 B6 B7	O alumnado deberá realizar a análise grupal de dramaturxias e encenacións contemporáneas acordadas co profesor.	30
Eventos científicos e/ou divulgativos	A2 A11 B8	O alumnado deberá asistir ora a un espectáculo teatral programado na contorna, ora a unha palestra especializada sobre teatro en lingua galega e portuguesa. Posteriormente, deberá realizar un informe -oral ou escrito- sobre o mesmo. O docente comunicará nas primeiras sesións presenciais a natureza e lugar de celebración do evento e, se for preciso, presentará alternativas para o alumnado que non puiden asistir ao inicialmente programado.	10

Observacións avaliación



O alumnado con matrícula a tempo parcial e/ou dispensa académica deberá porse en contacto co docente en horario de titorías ou a través do correo electrónico para coñecer a maneira de acompañar o curso através das ferramentas de comunicación asíncrona establecidas ao efecto.

Para superar a materia será requisito indispensable a realización da proba oral e a participación no obradoiro. Quen non realizar ambos os exercicios será considerado/a NON PRESENTADA/O.

Na segunda oportunidade (xullo) e na convocatoria adiantada de decembro haberá que realizar os mesmos traballos e probas que na primeira e o alumnado será avaliado cos mesmos criterios e coas mesmas porcentaxes que na oportunidade anterior. Caso de non ter realizado durante o cuadrimestre algunha das actividades avaliábeis, abrírase un novo prazo para a súa presentación.

As persoas que se matricularen na convocatoria adiantada de decembro deberán contactar co profesor antes de o mes de novembro concluír.

Os traballos académicos presentados polo alumnado da materia poderán ser incorporados á base de datos dunha ferramenta de detección de plaxio ou de presentación do mesmo exercicio en varias materias. Caso se produza algunha destas circunstancias, o traballo ficará anulado e poderanse activar as medidas recollidas nas Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- (2003). Teatro galego. RSetepalcos 4. Coimbra: Cena Lusófona
- Barata, J. Oliveira (1991). História do Teatro Português. Lisboa: Universidade Aberta
- Biscainho-Fernandes, C-C (2007). A Escola Dramática Galega na configuración do sistema teatral. Santiago: Editorial Laiovento
- Biscainho-Fernandes, C-C (2008). Un país desde as táboas. 125 anos de teatro galego. Compostela: Xunta de Galicia
- Caetano, Cristina Maia (2004). Conhecer o teatro em Moçambique. Pinhel: Pinhel Editora.
- Campoy García, Comba (2015). O teatro popular de marionetas como medida de comunicación das subalternas. O caso do espectáculo de Barriga Verde na postguerra (1939-1960). Tese de doutoramento da USC
- Lourenço Mória, C. & Biscainho-Fernandes, C-C (2000). Talía na Crónica de Nós. Dez anos de teatro galego (1990-1999). Ourense: Abano
- Magaldi, Sábado (2001). Panorama do teatro brasileiro. São Paulo: Global
- Rebello, F. L. (1991). História do Teatro . Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda
- Tato Fontaiña, L (1999). Historia do teatro galego. Das orixes a 1936. Vigo: A Nosa Terra
- Tato Fontaiña, L (2000). "O teatro desde 1936", en Anxo Tarrío (coord.), Literatura Galega.. A Coruña: Hércules de Edicións
- TEXTOS DRAMÁTICOS PARA COMENTARXaime Quintanilla, Donosiña.Marcelino Mesquita, Uma anedota.Otero Pedrayo, Teatro de máscaras.Oswald de Andrade, A morta.Almada Negreiros: Deseja-se mulherManuel Lourenzo, Defensa de Helena.Gianfranco Guarnieri, Eles não usam black-tieRoberto Vidal Bolaño, Laudamuco, Señor de NinguresChico Buarque, Roda vivaMaría Xosé Queizán, Antígona.Hilda Hilst, O novo sistema.Pepetela, A cordaXesús Pisón, Teatro (Serpe, serpe. Natividade coruñesa. Guión para cinéfilos. Tambores en París. Lux Perpetua. Breviario Hamlet. Hamlet 2. Hamlet 3. Primeira comunión. Venus Podre. Vampiros. Caricias. Aniversario de Medea).Maria Estela Guedes, A boba.Pessoa, Carlos J., Festas de garagem



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Carvalho Calero, R (2000). Escritos sobre teatro. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral 'Francisco Pillado Mayor' da Universidade da Coruña- Barbosa, Pedro (2005). Teoría do Teatro Moderno. A hora zero. Porto: Edições Afrontamento- Cruz, I. (2001). Historia do teatro portugués. Lisboa: Verbo- Cruz, I. (2005). O teatro portugués. Estrutura e transversalidade. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral &quot;Francisco Pillado Mayor&quot;- Fernández Castro, X.M. (2011). A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia Bertamiráns: Laiovento- Franco, Camilo (2012). Dez obras na vida de Vidal Bolaño. A Coruña: Biblos- Martínez Teixeira, Alva (2009). O Herói Incómodo. Utopia e Pessimismo no Teatro de Hilda Hilst. A Coruña: Biblioteca-Arquivo Teatral &quot;Francisco Pillado Mayor&quot;- Pascual, Roberto (2013). Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro. Vigo: Xerais- Pena, M. & Enríquez, G. (2013). Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Vigo: Galaxia- Tato Fontaiña, L. (2013). Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro. Noia: Toxossoutos- Tato Fontaiña, L. (2013). Do teatro ao cinema. Obras dramáticas e guións cinematográficos de Ramón Otero Pedrayo. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco- Tato Fontaiña, L. (2001). A construción dun teatro nacional en Castelao. Castelao. Co pensamento en Galiza. Actas do Congreso. Pontevedra: AS-PG / Concello de Pontevedra. pp- Vasques, E. (2001). Mulheres que escreveram teatro no século XX em Portugal. Lisboa: Colibri- Vasques, Eugénia (2001). Mulheres que escreveram teatro no século XX em Portugal . Lisboa: Colibri- Vidal Ponte, R. (2014). Fóra de portas. Santiago: Positivas
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Literatura Galega/613G02012

Literatura Portuguesa 1/613G02026

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías